3. O territorio delimitado polo espazo natural considérase como **área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades industriais, incompatibles cos obxectivos de conservación da rede Natura 2000**. Con excepción dos aproveitamentos de produción de enerxía eléctrica renovable que estean incluídos no Plan Enerxético de Galicia vixente e cuxa viabilidade queda condicionada ademais de ao disposto pola normativa sectorial correspondente ao sometemento dos proxectos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental. Os proxectos experimentais de calquera fonte de enerxía renovable situaranse fóra da rede Natura 2000.

5.

Normativa xeral dos espazos da Rede Natura 2000

1.0

A normativa xeral e zonal establecida no presente plan considérase como subsidiaria e complementaria á existente nos instrumentos de planificación establecidos de acordo coa Lei 42/2007 e a Lei 9/2001. En caso de conflito entre distintas normativas, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza aplicará aquela que mellor garanta os obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, atendendo á xerarquía das mesmas.

2.0

As autorizacións outorgadas polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza formularanse de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE (trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007) e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidos no presente plan.

3.0

Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente plan se deban someter a autorización de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse previamente ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan, polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza. En consecuencia, deberán comunicar ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza a solicitude e, se así o especificase a normativa do presente plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

5.

Normativa xeral dos espazos da Rede Natura 2000

1.0

Usos permitidos: Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do espazo natural e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste plan. **Os usos permitidos non requiren autorización do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza**, sen prexuízo do resto de autorizacións sectoriais

2.0

Usos autorizables: Son usos autorizables os que **requiren autorización expresa do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza**. Sempre que cumpran co disposto no presente Plan, no artigo 45 da Lei 42/2007 e no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

3.0

Usos prohibidos: Considérase uso prohibido **aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000** e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

6.

Fomento de actividades socioeconómicas

Determinados usos e actividades que se desenvolven no territorio resultan beneficiosos para a conservación de hábitats e especies de interese comunitario, nalguns casos o seu mantemento nun estado de conservación favorable depende da persistencia da actividade económica.

A Xunta de Galicia promoverá no territorio delimitado polos espazos Natura 2000 e a súa área de influencia socioeconómica o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas que, conforme aos obxectivos de conservación do espazo, favorezan o mantemento ou mellora do estado de conservación favorable dos hábitats ou especies de interese comunitario.

7.

Promoción da custodia do territorio

1.0

As Administracións públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

2.0

A Xunta de Galicia regulará os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas de terreos que se sitúen en espazos declarados protexidos ou nos cales existan acordos de custodia do territorio debidamente formalizados polos seus propietarios ante entidades de custodia.

2.1

Para iso teranse en conta, entre outros, os seguintes servizos prestados polos ecosistemas:

- a) A conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade, xeodiversidade e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin, con especial atención aos hábitats e especies ameazados.
- b) A fixación de dióxido de carbono como medida de contribución á mitigación do cambio climático.
- c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico como medida de loita contra a desertización, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas produtivas contribúan a reducir a perda ou degradación do solo e dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.
- d) A recarga de acuíferos e a prevención de riscos xeolóxicos.
- e) O uso público e a divulgación

Medidas de Xestión

- I Medidas e normativa xeral
-  II Medidas e normativas por compoñentes
- III Normativa zonal

Medidas e normativa por compoñentes

- A1. Atmosfera
- A2. Xea
- A3. Ecosistemas subterráneos
- A4. Augas continentais
- A5. Augas e recursos mariños
- B1. Paisaxe
- B2. Hábitats
- B3. Especies de interese para a conservación
- C1. Usos marisqueiros e pesqueiros
- C2. Usos agropecuarios
- C3. Usos forestais
- C4. Usos cinexéticos e piscícolas
- C5. Urbanismo e ordenación do territorio
- C6. Infraestructuras e obras
- C7. Uso público e actividades deportivas
- C8. Compoñentes culturais
- C9. Actividades científicas e monitoraxe

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

5. Augas e recursos mariños

1. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños.
- 2.0 Tomar medidas preventivas para impedir a progresiva contaminación do mar.
- 3.0 Promover a conservación e o uso sostible dos recursos mariños.

2. Directrices

- 1.0 Os aproveitamentos dos recursos mariños deberán realizarse no espazo natural de modo que non supoñan unha mingua no estado de conservación dos hábitats tipificados no anexo I da DC 92/43/CEE, así como das áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- 2.0 Todo aproveitamento dos recursos mariños levarase a cabo de forma controlada de acordo co establecido pola Lei 6/1993 de pesca de Galicia e, polo tanto, non se permitirán, en caso ningún, actividades que non estean autorizadas debidamente.
- 3.0 Como carácter xeral no espazo natural poderanse realizar actividades de pesca de recreo, de acordo co establecido no Decreto 211/1999.
- 4.0 Co fin de garantir a conservación dos hábitats naturais de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, en coordinación co organismo autonómico competente en materia de pesca e asuntos marítimos, poderá establecer normas de xestión específicas para os aproveitamentos dos recursos mariños dentro do espazo natural.
- 5.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexa urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras e velarase en todo momento por manter a calidade das augas mariñas.
- 6.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.
- 7.0 Os argazos depositados nas praias de area e coídos configuran o hábitat de interese comunitario Nat-2000 1210. Por iso, debería regularse o seu aproveitamento ou a súa retirada como parte dos labores de limpeza que se realizan en moitas praias, co fin de evitar a súa mingua ou desaparición dentro do espazo natural.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión das augas e recursos mariños, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, o disposto na normativa vixente na actualidade.

Medidas e normativa por compoñentes

A1. Atmosfera

A2. Xea

A3. Ecosistemas subterráneos

A4. Augas continentais

A5. Augas e recursos mariños

B1. Paisaxe

→ B2. Hábitats

→ B3. Especies de interese para a conservación

C1. Usos marisqueiros e pesqueiros

→ C2. Usos agropecuarios

→ C3. Usos forestais

→ C4. Usos cinexéticos e piscícolas

→ C5. Urbanismo e ordenación do territorio

→ C6. Infraestructuras e obras

→ C7. Uso público e actividades deportivas

C8. Compoñentes culturais

C9. Actividades científicas e monitoraxe

Obxectivos

Directrices

Normativa

Medidas e normativa por compoñentes

- A1. Atmosfera
- A2. Xea
- A3. Ecosistemas subterráneos
- A4. Augas continentais
- A5. Augas e recursos mariños
- B1. Paisaxe
- B2. Hábitats
- B3. Especies de interese para a conservación
- C1. Usos marisqueiros e pesqueiros
- C2. Usos agropecuarios
- C3. Usos forestais
- C4. Urbanismo e ordenación do territorio
- C5. Infraestructuras e obras
- C6. Uso público e actividades deportivas
- C7. Compoñentes culturais
- C8. Actividades científicas e monitoraxe

1.- Habitats mariños

2.- Habitats costeiros

3.- Corredores fluviais

4.- Humidais continentais

5.- Matogeiros e medios rochosos

6.- Bosques

7.- Agrosistemas tradicionais

Medidas e normativa por compoñentes

- A1. Atmosfera
- A2. Xea
- A3. Ecosistemas subterráneos
- A4. Augas continentais
- A5. Augas e recursos mariños
- B1. Paisaxe
- B2. Hábitats
- B3. Especies de interese para a conservación
- C1. Usos marisqueiros e pesqueiros
- C2. Usos agropecuarios
- C3. Usos forestais
- C4. Urbanismo e ordenación do territorio
- C5. Infraestructuras e obras
- C6. Uso público e actividades deportivas
- C7. Compoñentes culturais
- C8. Actividades científicas e monitoraxe

1.- Flora

2.- Invertebrados

3.- Peixes

4.- Herpetofauna

5.- Aves

6.- Mamíferos

Medidas de Xestión

- I Medidas e normativa xeral
- II Medidas e normativas por compoñentes



III Normativa zonal

Medidas e normativa por zonas

- A1.** Ordenación do territorio e urbanismo
- A2.** Infraestructuras e obras
- A3.** Uso público e actividades deportivas

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Actividades	Lei 9/2002	
	SRPO	SRPEN
a) Accións sobre o solo	Permitido LM	Permitido LM
b) Actividades de lecer	Permitido LM	Permitido LM
c) Actividades científicas, escolares, divulgativas	Permitido LM	Permitido LM
d) Depósito de materiais, parques de maquinaria, exposición	Permitido LM	Prohibido
e) Actividades extractivas e os seus establecementos	Autorizable	Prohibido
a) Construcións e instalacións agrícolas	Permitido LM	Prohibido (1)
b1) Construcións apoio á gandería extensiva	Permitido LM	Prohibido (1)
b2) Construcións apoio á gandería intensiva	Permitido LM	Prohibido (1)
c) Construcións forestais (xestión, explotación, etc)	Permitido LM	Prohibido (1)
d) Instalacións vinculadas ás estradas e gasolineras	Permitido LM	Prohibido (1)
e) Construcións/ rehabilitacións turismo rural	Autorizable	Autorizable
f) Instalacións telecomunicacións, transporte de enerxía	Permitido LM	Autorizable
g) Cemiterios, escolas, investigación, campamentos, pirotecnias	Autorizable	Prohibido
h) Contrucións residenciais explotación agrícola ou gandeira	Autorizable	Prohibido
i) Muros/cerramentos/valados	Permitido LM	Permitido LM
j) Instalacións de praia, deportivas, baño	Permitido LM	Autorizable (2)
k) Construcións actividades extractivas e de 1ª transformación	Autorizable	Prohibido
l) Establecementos acuicultura	Autorizable	Autorizable (2)
m1) Infraestruturas abastecemento, tratamento, saneamento	Permitido LM	Prohibido (3)
m2) instalacións non industriais de produción de enerxía	Permitido LM	Prohibido (3)

LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA

Lei 9/2002 do 30 de Decembro (DOG 31/12/2002), cas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 do 29 de decembro (DOG 31/12/2004); pola Lei 6/2007 do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG 6/06/2008); pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008); pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia; pola Lei 2/2010, do 25 de marzo (DOG 31/03/2010) e pola Lei 15/2010, do 28 de decembro (DOG 30/12/2010).

Artigo 39º.-Solo rústico de especial protección de espazos naturais

O réxime xeral dos solos rústicos de protección de espazos naturais, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os seus valores naturais, paisaxísticos e tradicionais,

Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

Os relacionados na alínea 2, letras e), f), j) e l), do artigo 33º desta lei, así como os sistemas de tratamento ou depuración de augas e as actividades vinculadas directamente coa conservación, coa utilización e co gozo do medio natural,

E os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, ou polo planeamento dos recursos naturais previsto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, sempre que non leven á transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Actividades	Lei 9/2002		PLAN DIRECTOR RN2000		
	SRPO	SRPEN	Z1	Z2	Z3
a) Accións sobre o solo	Permitido LM	Permitido LM	Autorizable (11)	Autorizable (11)	Autorizable (11)
b) Actividades de lecer	Permitido LM	Permitido LM	Autorizable (12)	Autorizable (12)	Autorizable (12)
c) Actividades científicas, escolares, divulgativas	Permitido LM	Permitido LM	Autorizable (12)	Autorizable (12)	Autorizable (12)
d) Depósito de materiais, parques de maquinaria, exposición	Permitido LM	Prohibido	Prohibido	Prohibido	Prohibido (1, 13)
e) Actividades extractivas e os seus establecementos	Autorizable	Prohibido	Prohibido	Prohibido	Prohibido
a) Construcións e instalacións agrícolas	Permitido LM	Prohibido (1)	Prohibido (1,5,9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)
b1) Construcións apoio á gandería extensiva	Permitido LM	Prohibido (1)	Autorizable (5,6,9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)
b2) Construcións apoio á gandería intensiva	Permitido LM	Prohibido (1)	Prohibido (7,9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)
c) Construcións forestais (xestión, explotación, etc)	Permitido LM	Prohibido (1)	Prohibido (7,9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)
d) Instalacións vinculadas ás estradas e gasolineras	Permitido LM	Prohibido (1)	Prohibido	Autorizable (9)	Autorizable (9)
e) Construcións/ rehabilitacións turismo rural	Autorizable	Autorizable	Autorizable (7, 9)	Autorizable (7, 9)	Autorizable (9)
f) Instalacións telecomunicacións, transporte de enerxía	Permitido LM	Autorizable	Autorizable (7, 9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)
g) Cemiterios, escolas, investigación, campamentos, pirotecnias	Autorizable	Prohibido	Prohibido	Prohibido	Autorizable (9)
h) Contrucións residenciais explotación agrícola ou gandeira	Autorizable	Prohibido	Prohibido	Prohibido	Autorizable (9, 15)
i) Muros/cerramentos/valados	Permitido LM	Permitido LM	Autorizable (14)	Autorizable (14)	Autorizable (14)
j) Instalacións de praia, deportivas, baño	Permitido LM	Autorizable (2)	Prohibido	Autorizable (2, 9)	Autorizable (2, 9)
k) Construcións actividades extractivas e de 1ª transformación	Autorizable	Prohibido	Autorizable (8, 9)	Autorizable (8, 9)	Autorizable (8, 9)
l) Establecementos acuicultura	Autorizable	Autorizable (2)	Autorizable (2, 10)	Autorizable (2, 10)	Autorizable (2, 10)
m1) Infraestruturas abastecemento, tratamento, saneamento	Permitido LM	Prohibido (3)	Autorizable (1, 4, 9)	Autorizable (4, 9)	Autorizable (4, 9)
m2) instalacións non industriais de produción de enerxía	Permitido LM	Prohibido (3)	Autorizable (9)	Autorizable (9)	Autorizable (9)

- (1): autorizable con carácter excepcional nos municipios con máis do 40% da superficie do termo municipal clasificada como solo rústico de especial protección de espazos naturais, sempre que quede garantida a integración das edificacións coa paisaxe e cos valores obxecto de protección.
- (2): será necesario obter o previo informe favorable da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables.
- (3): autorizables os sistemas de tratamento ou depuración de augas.
- (4): soamente autorizables os sistemas de tratamento ou depuración de augas e de xestión de residuos
- (5): sempre que se trate de edificacións non permanentes (temporais)
- (6): soamente para apoio de gandería extensiva de carácter tradicional
- (7): Autorizables as construcións de reforma e modernización das instalacións establecidas antes do momento de entrada en vixencia do Plan Director
- (8): soamente para aquelas actividades extractivas establecidas antes do momento de entrada en vixencia do Plan Director
- (9): sempre que quede garantida a integración das edificacións coa paisaxe e os valores obxecto de protección, se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, e que tras levar a cabo unha axeitada avaliación das súas repercusións esta sexa a solución alternativa a adoptar que mellor salvagarde os valores ambientais, sempre e cando non afecten aos tipos de hábitats de interese comunitario nin aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, nin afecten dun xeito significativo aos elementos da paisaxe que revistan unha importancia fundamental para os compoñentes da biodiversidade, nin tampouco á función de conectividade e permeabilidade dos ecosistemas.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

- (10): sempre e cando non sexan construídas sobre tipos de hábitat prioritarios mariños nin sobre tipos de hábitat continentais prioritarios ou de interese comunitario, se adecúen aos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, e sexan sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
- (11): sometidas, dependendo das súas características, ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
- (12): reguladas no apartado de uso público e actividades deportivas da normativa zonal do presente Plan.
- (13): vinculados directamente coa conservación, o uso e o gozo do medio natural, así como os propios do medio rural e das súas actividades relacionadas e debidamente autorizadas.
- (14): gardando as distancias coas vías públicas que regulamentariamente se establezan na lexislación ou na planificación sectorial vixente, sempre que os peches e valados sexan preferentemente vexetais, con especies autóctonas, incluíndo tamén os feitos de madeira ou estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, salvo que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, ditos muros realizaranse de acordo aos criterios da DC 92/43/CEE e da Lei 42/2007, de modo que permitan a permeabilidade dos hábitats e o fluxo ou circulación das especies de interese para a conservación, e que non favorezan polo tanto a fragmentación dos ecosistemas nin o illamento das poboacións, colocando os dispositivos necesarios para que cumplan dita función.
- (15): sen prexuízo de correspondente licenza municipal e ao abeiro das condicións de edificación establecidas na Lei 9/2002, así como ás disposicións relativas aos desenvolvementos urbanísticos contidas no POL cando se trate de espazos que entren dentro do seu ámbito de aplicación.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Introdución

Marco conceptual

Obxetivos

Ambito territorial

Patrimonio Natural e Biodiversidade

Inventario e xeo-referenciación

Valoración da Rede Natura 2000

Zonificación

Medidas de xestión

Avaliación ambiental

Plan de seguimento

Desenvolvemento do Plan Director

Avaliación Ambiental

A avaliación á que fai referencia o artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, incluírá de forma obrigatoria unha análise obxectiva e fundamentada sobre o grao de afección individual e sinérxico da actividade, sobre o estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, das poboacións e hábitats das especies contempladas no Anexo II da DC 92/43/CEE, e do Anexo I da DC 2009/147/CE, así como sobre as especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, tanto para o ámbito territorial da zona ou zonas onde se pretende desenvolver a actividade, plan ou proxecto, como para o conxunto do lugar e da Rede Natura 2000.

O órgano ambiental competente, fixará en coherencia coa lexislación comunitaria, estatal e autonómica o procedemento administrativo para desenvolver a devandita avaliación, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na Rede Natura 2000

En todo caso, ademais dos proxectos, tanto públicos coma privados, que deban ser sometidos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ao abeiro da normativa legal vixente, o presente Plan establece, nas súas medidas de xestión para o ámbito territorial da Rede Natura 2000, unha serie de usos e actividades que **deben ser sometidos expresamente ao devandito procedemento**, o cal desenvolverase ao abeiro do establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007.

Avaliación Ambiental

- a) Os proxectos de repotenciación, modificación, reparación, reemprazo, modernización ou ampliación dos aproveitamentos industriais de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica existentes, que deberán desenvolverse de acordo aos instrumentos de planificación sectorial vixente, cando poidan supoñer unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies de interese para a conservación.
- b) Todos os proxectos de concentracións parcelarias.
- c) As implantacións de melloras de regadíos, así como os proxectos semellantes que contemplan melloras territoriais, cando poidan supoñer unha significativa modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que poidan afectar significativamente ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación.
- d) O control biolóxico ou natural de pragas
- e) A realización de actuacións que leven consigo a remoción dos perfís do solo, o arranque das plantas, ou supoñan a transformación (subsolados, sangrados, rozas mecanizadas con maquinaria pesada, etc.) dos queirogais húmidos (4020*).
- f) As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.
- g) As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, os hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- h) O establecemento de zonas de caza ou pesca intensiva.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Introdución

Marco conceptual

Obxetivos

Ambito territorial

Patrimonio Natural e Biodiversidade

Inventario e xeo-referenciación

Valoración da Rede Natura 2000

Zonificación

Medidas de xestión

Avaliación ambiental

Plan de seguimento

Desenvolvemento do Plan Director

Plan de seguimento:

Dacordo coas disposicións do Artigo 47 da Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, efectuará unha vixilancia periódica sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación.

A avaliación do estado de conservación axustarase ás condicións establecidas nas directivas 2009/147/CE e 92/43/CEE e ás que se poidan propoñer no Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Introdución

Marco conceptual

Obxetivos

Ambito territorial

Patrimonio Natural e Biodiversidade

Inventario e xeo-referenciación

Valoración da Rede Natura 2000

Zonificación

Medidas de xestión

Avaliación ambiental

Plan de seguimento

Desenvolvemento do Plan Director

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Desenvolvemento do Plan Director

O presente Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, poderá desenvolverse para determinados espazos ou grupos de espazos incluídos no seu ámbito territorial, a través da elaboración dunha serie de instrumentos específicos, elaborados en conformidade coa normativa comunitaria (DC 2009/147/CE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 7/2008) :

- a) **Instrumentos de planificación e xestión dos espazos naturais protexidos**, entre os que estarían os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX) e os Plans de Conservación (PC), dispostos na Lei 9/2001 e na Lei 42/2007.
- b) **Instrumentos de planificación das especies de interese para a conservación**, compostos polos correspondentes plans de recuperación, reintrodución, protección, conservación ou manexo das especies segundo a súa categoría de ameaza, establecidos na Lei 9/2001, no Decreto 88/2007, e na Lei 42/2007.
- c) **Instrumentos estratéxicos de desenvolvemento socioeconómico vinculado á xestión racional dos recursos naturais**. Estes documentos están compostos polos Plans de Desenvolvemento Sostible.
- d) **Instrumentos de ordenación do uso público** baixo criterios de sostibilidade, a través do desenvolvemento dos correspondentes Plans de Uso Público.

Ademais dos instrumentos anteriores, o Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá establecer, ao abeiro do presente Plan, **regulacións específicas para determinados espazos ou grupos de espazos**, mediante a elaboración de medidas de conservación e xestión específicas para cada ZEC ou ZEPA, ou ben para determinados hábitats ou especies, ou para determinados usos e actividades, ou mediante o establecemento de novos obxectivos operativos de conservación cos seus correspondentes indicadores.


Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

**Participación pública, e
procedemento de información
pública e audiencia do Plan
Director**

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Aportacións ao documento de inicio

Tras someterse o Plan Director ao correspondente período de **participación do público**, as aportacións ao mesmo comprenderon un total de **76** alegantes, entre particulares, empresas, asociacións, Partidos Políticos, Sindicatos, Colexios profesionais, Concellos e organismos da Xunta de Galicia.




A maior parte das aportacións (un **36%**) foron formuladas por **asociacións**, repartidas entre asociacións de conservación da natureza (16%) e asociacións non vencelladas coa conservación da natureza (**20%**). Os **particulares** reuniron o **24%** das **aportacións**, as **empresas** o **17%**.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Aportacións ao documento de inicio

Sobre a temática das aportacións durante o período de participación pública, cabe salientar que polo xeral a maior parte das mesmas (un **80%**), alegan sobre **unha temática en concreto**. Mentres que no **20%** restante fanse observacións sobre unha ampla variedade de apartados do Plan Director,.



O **47%** das aportacións posúen observacións á **valoración** e **zonificación** do Plan Director, mentres que un **40%** fan aportacións no tocante á **delimitación** da Rede Natura 2000, e especialmente á **ampliación** da mesma.

Revisión das aportacións

En menor medida, as alegacións ao **apartado normativo** no tocante a **urbanismo** e **ordenación territorial** representan o **20%**, as relacionadas con **usos agropecuarios** supoñen o **15%**, mentres que o **13%** comprende algunha aportación á normativa dos **usos forestais**, o **12%** abrangue algunha observación á normativa de **biodiversidade**.

No tocante ás **actividades industriais**, un **17%** comprenden algunha observación sobre as **actividades extractivas**, mentres que un **13%** inclúen algunha consideración sobre as **infraestruturas de produción enerxética**.

Como consecuencia da revisión das aportacións achegadas durante o período de información pública, foron **aceptadas** o **11%** das indicacións recibidas, mentres que un **14%** foi **tomado en consideración** na **modificación** do texto por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. En consecuencia, o **75%** das aportacións revisadas foi **rexeitado** debido a que non contemplan ningunha mellora para o documento de cara ao cumprimento dos obxectivos da Rede Natura 2000.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



PLAN DIRECTOR da Rede Natura 2000 de Galicia

Borrador Documento de síntese 10-Maio-2012

